



Cun completo programa de actividades entre as que destacaba o Campionato Provincial de Raposo

Rodeiro celebra por terceiro ano a súa “Festa da Caza”

Os pasados 13 e 14 de xaneiro tivo lugar a III Festa da Caza de Rodeiro, na provincia de Pontevedra, que acolleu unha vez máis unha grande variedade de actividades relacionadas co mundo cinexético.

O programa do evento para o domingo 14 incluíu desde degustacións populares de produtos da caza como xabaril, coello e venado, -as cales disfrutaron de grande éxito entre os curiosos- a probas coma a de rastreo de xabaril -a máis madrugadora das actividades- pasando por diversas demostracións de modalidades cinexéticas coma o tiro con arco ou a cetrería, todas elas seguidas con grande interese polo público así como polas diversas autoridades que acudiron da provincia. Aínda que sen dúbida o prato forte do programa era o Campionato Provincial de caza de raposo que se disputara o día anterior.

Entre degustacións e demostracións, tivo lugar o pregón da festa, que correu a cargo da periodista Raquel Gandoy, directora e presentadora do programa ‘Couto Vivo’ da TVG, e que animou a tódolos cazadores a amosar e presumir da súa afección pola caza, e a “non calar diante dos ecoloxistas de salón”. Outras intervencións destacables coma a do Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón, que agradecía ó Concello o esmero na organización, ós xornalistas a súa presenza, e ós políticos “que nos oían e se poden, nos escoiten. Nos cazadores encontrarán aliados no desenvolvemento de políticas medioambientais que favorezan a actividade cinexética”; ou a do seu homónimo na Federación Provincial de Pontevedra, Javier Nogueira Diz, que salientou os “excelentes números” o falar das capturas, completaron a rolda de discursos do día.

Esta terceira edición da Festa da Caza de Rodeiro foi sen dúbida a máis exitosa ata o de agora, e concluíu cunha moi boa sensación tanto por parte dos organizadores como pola dos asistentes e participantes.



Xuíces e participante da proba de cans de rastro atrelados



As demostracións de modalidades de caza coma a cetrería foron unha das actividades que máis público congregaron



O Presidente da FGC de Pontevedra, Javier Nogueira Diz



Participantes da proba de cans de rastro atrelados



O Presidente da FGC, José María Gómez Cortón solicitou a atención dos políticos



A periodista Raquel Gandoy foi a pregoeira da Festa